

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

ORDE do 23 de decembro de 2015 pola que se aproban os plans para a explotación de poliquetos en Galicia para o ano 2016 e se regula o seu exercicio.

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro no seu artigo 2, establece que a política pesqueira galega ten por finalidade a viabilidade do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.

A Consellería do Mar é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponde desenvolver, entre outras, as competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo e acuicultura e, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a conservación, protección e xestión sustentable dos recursos marisqueiros.

A consellería, segundo o establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, regulou a explotación deste recurso no litoral de Galicia mediante a Orde do 6 de febreiro de 1998 e, posteriormente coa Orde do 18 de abril de 2006, os plans de explotación específicos para poliquetos.

A explotación dos poliquetos no litoral de Galicia vai aumentando ano tras ano debido á gran demanda destas especies para o seu uso como cebo na pesca deportiva, cun valor económico elevado e que constitúe para as persoas dedicadas ao marisqueo unha diversificación da súa actividade, que contribúe á mellora das súas rendas.

As especies que se explotan actualmente son:

- *Hediste diversicolor*: miñoca.
- *Diopatra neapolitana*: miñoca de tubo, casulo.
- *Lumbrineris impatiens*: gabián.
- *Arenicola marina*: mangón, miñoca de area.



Os plans de explotación aprobados van acompañados dun seguimento do recurso, de xeito que actualmente están perfectamente delimitados os bancos marisqueiros por especies susceptibles de seren explotados comercialmente, coñécense os niveis de capturas de cada unha e pode analizarse o resultado do esforzo pesqueiro a que están sometidos ditos bancos.

Unha revisión bibliográfica da bioloxía das especies explotadas e o seguimento exhaustivo dos plans de explotación, que permite adecuar o esforzo extractivo ás características das poboacións existentes, levou a permitir durante o ano 2013 o aumento do período de extracción. A boa xestión do recurso nos plans de explotación vixentes, xunto co seguimento técnico permanente, permite continuar co incremento do período de actividade.

Dentro das entidades asociativas do sector que levan a cabo a explotación dos recursos, as mariscadoras a pé constitúen un colectivo moi importante. O desenvolvemento da actividade extractiva de poliquetes en todo o seu potencial, no marco dos plans de explotación, precisa que poda realizarse nas mesmas zonas, períodos e horario de traballo que a actividade marisqueira xeral. Esta complementariedade contribuirá de xeito importante á súa consolidación como especie alternativa no sector do marisqueo a pé.

No caso do gabián (*Lumbrineris impatiens*) permítese o establecemento do tope de captura en función dunha medida volumétrica estándar (vaso graduado), para favorecer a extracción e control deste recurso.

O mecanismo de elaboración dos plans de explotación permítelles ás entidades asociativas do sector a participación activa na xestión dos recursos marisqueiros mediante a presentación dos plans. A administración, co obxecto de tutelar o proceso, require os informes técnicos sobre os aspectos esenciais e, se procede, introduce as melloras necesarias, co fin de asegurar unha explotación sustentable dos recursos e acadar unha maior rendibilidade económica.

Polo tanto, examinados os plans de explotación remitidos polas entidades asociativas do sector, vistos os informes emitidos polos técnicos desta consellería, e de conformidade co disposto na normativa antes citada.

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto desta orde é aprobar os plans de explotación para poliquetes para o ano 2016, que foron elaborados polas entidades asociativas do sector, así como regular as solicitudes e prazo para:

- a) A captura de poliquetes como cebo nas embarcacións de pesca para o ano 2016.



b) A presentación dos plans de poliquetos para o ano 2017.

Artigo 2. *Plans de explotación*

Apróbanse os plans de explotación de poliquetos, para o ano 2016, que se relacionan no cadro A. Os plans de explotación desenvolveranse conforme o establecido no artigo 5 desta orde e as instrucións que posteriormente se diten, de seren necesarias.

Artigo 3. *Consentimentos e autorizacións*

As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 4. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorízase polas persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro e a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo de San Caetano, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña), ou a través do correo electrónico: sxt.mar@xunta.es.



Artigo 5. *As solicitudes e o prazo para a autorización para a extracción ao abeiro dos plans de explotación*

1. As entidades titulares de plans de explotación aprobados dirixirán as solicitudes para o desenvolvemento da actividade ás xefaturas territoriais correspondentes da Consellería do Mar cunha anticipación mínima de 10 días á data de inicio da actividade.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, (<https://sede.xunta.es>), de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica da Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en formato papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando os formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. O formulario normalizado ao que se refire o apartado anterior correspóndese co anexo II desta orde.

4. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten a disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Xunto á solicitude, achegaranse os datos de explotación do mes anterior necesarios para o seguimento e xestión dos bancos, de acordo coas indicacións dos técnicos da consellería responsables de informar a solicitude.

A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para



o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros previstos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

Non será necesaria a achega destes datos sempre e cando estean dispoñibles na páxina de seguimento técnico habilitada para a consulta desta información.

6. As xefaturas territoriais, de acordo co previsto no plan de explotación, ditarán resolución autorizando ou denegando a extracción, expresando as datas concretas da actividade e demais normas necesarias para o desenvolvemento do plan de explotación.

A falta de resolución expresa determinará a autorización presunta da actividade sempre que a solicitude se presentase dentro do prazo sinalado, doutra forma considerarase desestimada.

Artigo 6. *Adaptación das medidas de xestión durante o desenvolvemento do plan*

1. As medidas de xestión aprobadas poderán ser adaptadas, mediante orde da Consellería, cando se produzan circunstancias de forza maior ou debidamente xustificadas que dificultan ou impidan o desenvolvemento previsto do plan de xestión. Entre estas circunstancias estarían, entre outras, os episodios de biotoxinas, a mortalidade dos recursos ou cambios imprevistos na clasificación das zonas de produción.

2. A Consellería do Mar poderá autorizar a adaptación das medidas dos plans de xestión co obxecto de optimizar o rendemento biolóxico e económico dos bancos marisqueiros.



3. A Consellería do Mar, coas autorizacións mensuais da actividade, poderá adaptar as medidas de xestión ás anteditas circunstancias cando exista:

a) Solicitudade motivada da entidade titular do plan de xestión avalada por informe do seu técnico.

b) Informe favorable sobre o estado dos recursos emitido polos técnicos da consellería.

c) Informe favorable de servizo competente en materia de marisqueo.

Artigo 7. *Período autorizado para a captura de poliquetos*

Con carácter xeral, durante o ano 2016, a extracción de poliquetos con carácter comercial poderá desenvolverse dende a data de entrada en vigor desta orde ata o 31 de decembro de 2016, podendo a dirección xeral competente en marisqueo, modificar este prazo, se o considerase necesario, en función do estado do recurso.

Artigo 8. *Requisitos para a extracción de poliquetos*

1. Todas aquelas persoas que queiran dedicarse á extracción de poliquetos deberán figurar nun plan de explotación e estar en posesión dun permiso de explotación de poliquetos segundo o regulado no Decreto 425/1993, do 17 de decembro.

2. As persoas titulares dun permiso de explotación para o marisqueo a pé poderán desenvolver a actividade extractiva de poliquetos no mesmo período e horario que o marisqueo xeral, sempre que a zona de traballo o permita, e así se recolla nos plans de explotación de poliquetos aprobados.

3. Segundo a Orde do 23 de abril de 1999 modificada pola do 13 de xuño de 2001, da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura pola que se regula o exercicio do mergullo profesional, a aprobación dos plans de explotación coa modalidade de mergullo implica a autorización para realizar o mergullo nas zonas e período de vixencia daqueles, segundo as resolucións de apertura que sexan ditadas polas xefaturas territoriais da Consellería do Mar, sen prexuízo da correspondente aprobación para efectos de seguridade, outorgada pola Capitanía Marítima correspondente, de acordo co establecido na Orde do 14 de outubro de 1997, do Ministerio de Fomento, que establece as normas de seguridade para o exercicio de actividades subacuáticas.



Artigo 9. Solicitudes para a captura de poliquetos como cebo nas embarcacións de pesca

1. As persoas armadoras das embarcacións que contan no permiso de explotación con modalidades de anzol e que estean utilizando poliquetos como cebo, deberán solicitar autorización para a súa captura.

2. As solicitudes dirixiranse ás xefaturas territoriais correspondentes da Consellería do Mar, e deberán presentarse cunha anticipación mínima de 10 días á data de inicio da actividade.

3. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, (<https://sede.xunta.es>), de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica da Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en formato papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando os formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. O formulario normalizado ao que se refire o apartado anterior correspóndese co anexo III desta orde.

5. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten a disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. Non se poderán realizar extraccións naquelas zonas nas que existan plans de explotación para outros recursos.



Artigo 10. *A solicitude e o prazo para a presentación dos plans de explotación para poliquetos para o ano 2017*

1. As entidades asociativas do sector, dirixirán as solicitudes á dirección xeral competente en materia de marisqueo antes do 1 de novembro de 2016.

2. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, (<https://sede.xunta.es>), de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica da Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en formato papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando os formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. O formulario normalizado ao que se refire o apartado anterior correspóndese co anexo I desta orde. Xunto co formulario debe presentarse o plan de explotación.

As solicitudes estarán asinadas polo representante legal da entidade. No suposto de que a solicitude sexa para un plan conxunto, cada entidade deberá presentar unha solicitude asinada polo seu representante legal ou ben constará o acordo de delegación expresa de nomeamento do representante.

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten a disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para



o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros previstos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

Artigo 11. *Emenda da solicitude*

1. As xefaturas territoriais, como órganos responsables da tramitación da solicitude, comprobarán que reúnen todos os requisitos. En caso contrario, requiriráselles ás entidades para que, nun prazo de 10 días, remitan cantos datos, documentos complementarios e aclaracións se consideren necesarios para avaliar a solicitude do plan. Se así non o fixeren, considerarase que desistiron da súa petición logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

2. A documentación requirida para emenda da solicitude deberá ser presentada por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Non se aplicará o disposto no parágrafo 1 ás solicitudes que non acheguen como mínimo os aspectos sinalados no artigo 2 da Orde do 18 de abril de 2006 e que se relacionan a continuación, que poderán ser inadmitidas, logo da correspondente resolución:

a) Obxectivos de explotación:

1º. Obxectivos de produción en quilos por especie de poliquetos ao longo do ano.



2º. Obxectivos económicos.

3º. Número de participantes no plan.

b) Avaliación do recurso.

c) Plan de extracción e comercialización:

1º. Datos previstas para a extracción das distintas especies.

2º. Número de días máximos de actividade.

3º. Tope de captura por mariscador/a para cada especie e día.

4º. Formas de comercialización.

5º. Normas de comercialización.

d) Plan financeiro.

Artigo 12. *Aprobación*

Os plans de explotación para poliketos serán aprobados mediante orde da Consellería do Mar, con anterioridade ao inicio do ano.

Disposición adicional única. *Tope de captura para o gabián (*Lumbrineris impatiens*)*

O topes de captura para o gabián (*Lumbrineris impatiens*) poderán establecerse mediante unha medida volumétrica empregando un vaso graduado. Neste caso, os participantes do plan empregarán o mesmo tipo de medida.

Disposición derradeira primeira. *Consulta dos plans de explotación*

Os plans de explotación presentados polas entidades que serviron de base para esta orde estarán dispoñibles nos servizos centrais, xefaturas territoriais correspondentes da Consellería do Mar, así como na sede das entidades responsables destes, sen prexuízo do cumprimento da Lei 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Os datos mínimos sobre os plans de explotación aprobados estarán dispoñibles na páxina web <http://www.xunta.es.mar>.



Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento*

Autorízase á persoa titular da dirección xeral competente en materia de marisqueo para o desenvolvemento desta orde e, co obxecto da mellora da xestión dos recursos marisqueiros e na procura dunha explotación sostible destes, para a adopción de medidas de regulación necesarias en función do estado dos recursos e dos informes emitidos polos técnicos, e tras consultar ao sector.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2015

Rosa M^a Quintana Carballo
Conselleira do Mar





ANEXO

Cadro A: plans de explotación de poliketos

Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Especies ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Epoas probables de extracción	Puntos de control
Provincia de Lugo						
A.M. San Cosme	A pé	Am	Bancos de Fondás e O Taro	70	De xaneiro a decembro	Fondás, O Taro e Esteiro
Provincia da Coruña						
A.M. Esteiro do río Anllóns	A pé	Am	Zona de autorización (marxe dereita da enseada do río Anllóns, entre illa Cagallóns e liña de punta Revoltas e enseada de Insua) Zonas de libre marisqueo do esteiro do Anllóns: Marxe esquerda	95	De xaneiro a decembro	Pedras de Cambón, Ourixeira, Lodeiro
A.M. Fonte de Santa Helena de Baldaio	A pé	Am	Lagoa externa de Baldaio	80	De xaneiro a decembro	Fonte de Santa Helena
C.P. A Coruña	A pé MA MSAS	Am Li	Pedra do Sal; Leira (campo de Fútbol); Leira; Leira, (entre Leira e Caión); Caión (praia da Salseira); Barrañán (o Relojero); Balcobo Pequeno (praia de Balcobo Pequeno ata Pedra Herba); Ripibello; Os Castelos; Praia de Sabón (A Térmica); Suevos (porto de Suevos ata a fábrica Artabra); Bens (praia da Refinería); Bens (illa Redonda); O Portiño; Riazor/ Orzan; San Amaro; Bastiagueiro Pequeno	155	De xaneiro a decembro	Zona de Suevos-fábrica Artabra
C.P. Camelle, Corme, Laxe e Malpica (plan conxunto)	A pé MA MSAS	Li	De punta Gallada ás lagoas de Baldaio (excluídas) agás as praias de Laxe, as illas Sisargas	170	De xaneiro a decembro	Peiraos de Corme, Camelle, Malpica e Laxe



Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Especies ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Epocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Corcubión	A pé	Am Hd Li Dn	De punta Arnela á desembocadura do río Xallas no Ézaro	25	De xaneiro a decembro	Peirao de Corcubión
C.P. Ferrol	A pé MSAS	Am Hd Li	Desde a ponte do tren ata o faro de punta Frouxeira	A pé: 240 Mergullo: 180	De xaneiro a decembro	Zonas de traballo e peirao de Ferrol
C.P. Lira	A pé	Li Hd Am	Da desembocadura do río Larada a punta Insua	130	De xaneiro a decembro	Peirao de Lira
C.P. Lira	MA MSAS	Li	Da desembocadura do río Larada a punta Insua	70	De abril a outubro	Peirao de Lira
C.P. Miño	A pé	Am Hd LI Dn	Souto, Lombo de Castelo de Souto, río Láncara, Salinas, río Muerto, Lombo do Castelo do Pedrido, punta praia Xúrela, praia pequena de Miño (Cebado), praia pequena de Miño (Couce), Lombo de Espiñeira, Ponte do proco, final praia Grande, Seixas e río Bañobre	140	De xaneiro a decembro	Porto-praia pequena de Miño
C.P. Muros	MA MSAS	Am Hd Li	De punta Insua a punta Uhía	124	De xaneiro a decembro	Faro de Monte Louro, Acoradoiro e peirao de Muros
C.P. O Pindo	A pé	Am Dn Hd Li	Praia de San Pedro, de punta do Portiño a praia de Cornabecera; punta Caldebarcos e Pozo das Centolas, praias de Area Branca, Lires, O Rostro, Mar de Fóra e Arnela.	195	De xaneiro a decembro	Porto do Pindo e praia do Rostro



Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Especies ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Epocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Porto do Son	A pé	Am Dn Hd Li	De punta Cabeiro a punta Magrío; de punta Castro a río Sieira	135	De xaneiro a decembro	Praia de Cabeiro, peirao de Porto do Son, praia Arnela, praia de Arealonga, Porcalleira e río Sieira.
C.P. Porto do Son	MA MSAS	Li	De punta Cabeiro a punta Magrío; de punta Castro a río Sieira	135	De xaneiro a decembro	Peirao de Porto do Son
C.P. Sada	A pé	Am, Dn Hd	Praias de Sada e do Pedrido- Mauruxo	60	De xaneiro a decembro	Porto de Sada
Provincia de Pontevedra						
C.P. Cambados	A pé	Am Dn Hd	Saco de Fefiñáns, Pantalán, Fefiñáns; O Varal, Bebedeiros, Medio do Sarrido; Illeira e de punta Tragrove a rego do Alcalde	180	De xaneiro a decembro	Galpón de Ribeira da Mouta
C.P. Cangas	MA MSAS	Am Dn Hd Li	De praia do Sinal a punta Vixía	80	De xaneiro a decembro	Zona de traballo e rampa da lonxa de Cangas
C.P. O Grove	A pé	Am Dn Hd Li	Meloxo (de peirao de Meloxo a praia Lavandeira), Ardía (entre punta Antarde e as Morrasas) e Vilalonga-Dena-Castro (entre punta Fianteira e punta de Couto de Abaixo, de punta Faxilda e punta Colmado, entre punta San Vicente e o porto deportivo de Pedras Negras, entre Con do Cavernal e punta das Pozas	180	De xaneiro a decembro	Zonas de traballo e instalacións da confraría



Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Especies ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Epocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Portonovo	A pé	Li	Praia Fagilda (ou Pociñas); praia de Prageira; praia de Bascuas; praia de Montalvo; praia Canelas	168	De xaneiro a decembro	Instalacións da confraría e praia de Bascuas
C.P. Redondela	A pé	Dn Hd	A Portela (de Punta Monte Gordo a Punta do Socorro) e praia de Barra.	130	De xaneiro a decembro	A Portela e instalacións da confraría
C.P. Sanxenxo	A pé	Li	Praias de Pampaido, Area da Adra, das Areas, de Nanín, de Barreiro, de Carabuxeira e de Silgar.	96	De xaneiro a decembro	Nas zonas de extracción
C.P. Vigo	A pé	Am Dn Hd	Bancos intermareais entre o puntal da Serra e praia de Arealonga (excluída)	100	De marzo a decembro	Zonas de traballo e lonxas de Canido e Vigo
C.P. Vilaboa	A pé	Am Dn Hd	Cabalo, Deilán, Río Maior, San Adrián (norte)	50	De xaneiro a decembro	Peirao de Santa Cristina de Cobres
C.P. Vilanova	MA	Dn	As Sinas, Con Grande, Carballas, Negrenlas	108	De xaneiro a decembro	Embarcación na zona de traballo e instalacións da confraría

(1) Entidade		(2) Modalidade	
Abreviatura		Abreviatura	
A.M	asociación de mariscadoras	MA	Mergullo en apnea
C.P.	confraría de pescadores	MSAS	Mergullo con subministro de aire desde superficie

(3) Especies:		
Abreviatura	Nome científico	Nome común
Am	<i>Arenicola marina</i>	Mangón, miñoca de area
Dn	<i>Diopatra neapolitana</i>	Miñoca de tubo, casulo
Hd	<i>Hediste diversicolor</i>	Miñoca,
Li	<i>Lumbrineris impatiens</i>	Gavilán